



ROGO SOBRE O ARRANXO DE ALCORQUES NA RÚA ALFREDO BRAÑAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actuación de humanización da rúa Alfredo Brañas, enmarcadas no proceso de modernización progresivo das rúas do Ensanche, permitiron dispoñer dun espazo máis adaptado para a vida cidadá, coa renovación de servizos, a dotación de mobiliario urbano, de árbores e plantas que contribúen a unha notable mellora ambiental e estética dunha das arterias principais da cidade.

Con todo, desde a remodelación desta rúa foron frecuentes algúns problemas relacionados coa fixación do seu enlousado, dando lugar a distintas actuacións para rehabilitar zonas concretas do seu firme.

Desde hai semanas o aspecto da rúa volve a lembrar aquelas eivas, posto que polo menos en dous puntos se producen acumulacións de auga e terra, dando a sensación inicial –a nós así nos pareceu tamén nun primeiro momento- de que faltan algunhas pezas do pavimento, tal e como se pode apreciar nas imaxes que se acompañan. En realidade, a situación ao parecer non vén motivada pola ausencia de ningunha peza de lousa, senón polo baleiro deixado pola ausencia de varias árbores nos alcorques da rúa, o que –ademais da carencia ambiental e estética- provoca que nos días de choiva se acumule auga e terra, coa conseguinte incomodidade para o tránsito peonil.

A vista do exposto, formúlase o seguinte **ROGO**:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se restitúan as árbores retiradas na rúa Alfredo Brañas e se arranxen os seus alcorques para evitar as acumulacións de terra e auga neses lugares.

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro de 2018

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular